



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	13 XUL. 2016
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 225

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coidado e mantemento periódicos das áreas verdes e de lecer debe ser unha prioridade para calquera Administración que debe velar, de forma especial, pola confort e a seguridade das persoas usuarias, sobre todo cando esa persoas son maioritariamente nenas e nenos, como acontece nos parques infantís.

Con este fin, durante o ano 2014 levouse a cabo a reparación do 80% das áreas infantís existentes no Concello e no pasado ano 2015 licitouse e adxudicouse un contrato para actuar sobre outras 23 áreas na procura de corrixir deficiencias detectadas para lograr a correspondente certificación de calidade que debe ser renovada cada ano.


Recentemente, este Grupo Municipal ten recibido queixas de persoas que habitualmente utilizan o parque infantil de Galeras, nas que manifestan a súa preocupación e malestar polo estado destas instalacións, sobre todo no referido as condicións dos elementos destinados ao xogo e ao exercicio. A preocupación esténdese tamén aos labores de mantemento das zonas verdes, que consideran deficientes e cunha periodicidade demasiado prolongada para o que sería deseable.

Nós mesmos visitamos recentemente estas instalacións podendo comprobar que, dentro dunhas condicións que aparentemente se poderían cualificar de aceptables, o mobiliario lúdico presenta, en efecto, algunas deficiencias que poderían ser facilmente resoltas, o mesmo que a cuestión do mantemento das áreas verdes nas que sen dúbida se poderían introducir algúns aspectos de mellora.

Igualmente, debería actuarse sobre a cancha de chave que existe nas proximidades e que presenta un aspecto lamentable.

Por último, tamén consideramos que sería posible radicar nesa zona unha toma de auga pública que facilitara a limpeza das bicicletas das cada paso más numerosas persoas que practican BTT polas inmediacións do Pedroso, accedendo por este lugar.

Tendo en conta estas consideracións, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:



*Que o Goberno local dea as instrucións precisas para levar a cabo unha mellora das condicións do parque infantil de Galeras, en especial no relativo aos elementos de xogo e a periodicidade dos coidados das zonas verdes, así como o acondicionamento do campo de chave próximo e o estudo da posibilidade de colocar nesta zona unha toma de auga para o lavado de bicicletas.*

Santiago de Compostela, a 12 de xullo de 2016.

María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela